

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FOMENTO DA INVESTIGACIÓN E A REALIZACIÓN DE PROBAS DE CONTROL DE CALIDADE DOS HIDROCARBUROS EN GALICIA**

En Santiago de Compostela, (asinado electronicamente o 31 de marzo de 2025)

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, conselleira de Economía e Industria, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de maio de 2024), e presidenta da Axencia Instituto Enerxético de Galicia de acordo co disposto no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de Marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

E pola outra, \_\_\_\_\_, reitor da Universidade da Coruña, en uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1, apartado f, dos estatutos desa Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

Ambas partes recoñécense, na representación que ostentan, capacidade para formalizar un convenio de colaboración cuxa finalidade é a de fomentar a investigación no ámbito dos combustibles e dos carburantes, en particular, en relación coa súa calidade, así como garantir o control da calidade dos combustibles e carburantes de venda a consumidores en Galicia a través da realización de probas analíticas e, en virtude das competencias que ostentan, para tal efecto.

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO.-** As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios entre si e con suxeitos de dereito público e privado para un fin común, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, ao abeiro do disposto nos art. 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público..

**SEGUNDO.-** O presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

**TERCEIRO.-** A Consellería de Economía e Industria (en adiante CEI) ten atribuídas competencias de execución da política da Xunta de Galicia en materia de industria, enerxía e minería, en virtude do disposto no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio, e no Decreto 140/2024, do 24 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

**CUARTO.-** De acordo co artigo 11.1 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, a investigación é unha das funcións fundamentais das universidades.

No mesmo senso, o artigo 1 dos Estatutos da Universidade da Coruña (en adiante UDC) aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro, dispón que á UDC correspóndelle, no ámbito das súas competencias, o servizo

público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo, engadindo no artigo 21 que os Centros Tecnolóxicos estarán orientados a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e asesoramento.

**QUINTO.-** No ámbito da análise de combustibles, a UDC conta cun laboratorio de ensaio no campus de Ferrol adscrito ao CITENI, Centro de Investigacións en Tecnoloxías Navais e Industriais, denominado ControlQ\_LABCOMB.

**SEXTO.-** A CEI entende que a investigación no ámbito enerxético reviste unha especial transcendencia pola súa directa vinculación co desenvolvemento da actividade económica, polo que se considera prioritaria como motor do progreso económico e social de Galicia, en tanto que constitúe investigación aplicada con incidencia real na seguridade e no desenvolvemento do sector.

**SÉTIMO.-** A CEI considera fundamental o control de todos os produtos petrolíferos á venda na Comunidade Autónoma co fin de garantir a súa calidade, para protexer aos consumidores e á sociedade en xeral. Tendo en conta que se trata dun sector no que os avances tecnolóxicos son constantes dando lugar a novas produtos e a un mercado altamente diversificado, os mecanismos de control que se utilicen teñen que ser capaces de responder ás innovacións científicas e tecnolóxicas, contando con medios humanos e técnicos na vangarda científica.

Doutra banda, respecto das subministracións de gasóleo C aos centros da Redexga, é necesario establecer outros mecanismos de control que garantan que as cantidades subministradas sexan correctas e se axusten ao indicado nos contadores dos que dispoñen os vehículos que os adxudicatarios empregan para facer as entregas nos ditos centros.

Conforme recolle o artigo 1 do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, a esta consellería correspóndelle o exercicio das funcións en materia de metroloxía, en particular o da inspección.

A Lei 32/2014, do 22 de decembro, de Metroloxía, establece os principios e as normas xerais ás que debe axustarse a organización e o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España, e foi desenvolvidas polo Real Decreto 244/2016.

Segundo recolle o apartado 1 do artigo 10 (Vixilancia e inspección) da Lei 32/2014, do 22 de decembro, de Metroloxía, as Administracións Públicas competentes poderán comprobar en calquera momento por si mesmas, de oficio ou a instancia de parte interesada, o cumprimento dos requisitos legais e regulamentariamente establecidos para os instrumentos, medios, materiais de referencia, sistemas de medida e programas informáticos sometidos a control metrolóxico do Estado.

Así mesmo, o apartado 1 do artigo 10 recolle que os funcionarios que leven a cabo as actuacións de inspección a que se refire o apartado anterior, terán a condición de axentes da autoridade e, como tales, no exercicio das súas funcións, poderán acceder a calquera instalación ou dependencia pública ou privada relacionada co obxecto da súa inspección, respectando en todo caso a inviolabilidade do domicilio constitucionalmente protexido.

Mediante a Orde ICT/155/2020, do 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida, desenvólvense, para determinados instrumentos de medida, as previsións do Real Decreto 244/2016, do 3 de xuño, no relativo ao control metrolóxico do Estado, nas súas distintas fases, segundo o tipo de instrumento: avaliación da conformidade, verificación periódica e verificación despois de modificación ou reparación.

O Anexo VI da citada Orde recolle que para os surtidores, os dispensadores e os sistemas de medida sobre camión de combustibles (excepto gases licuados) o prazo da verificación periódica será dun ano.

**OITAVO.-** A sinerxía derivada da colaboración entre a CEI e o ControlQ\_LABCOMB ten posibilitado a formación e consolidación do grupo de investigación estable "BIOENGIN-ControlQ\_LABCOMB" permitindo a formación continua do seu persoal así como mellorar, continuar e ampliar as súas liñas de investigación. Así mesmo, permite a formación de novas investigadores e de profesionais altamente cualificados en materia de ensaios de combustibles mediante a participación de xeito continuado nas tarefas de investigación e análise de estudantes de terceiro ciclo da Universidade da Coruña e mediante a realización de prácticas formativas por alumnos do ciclo medio e superior de laboratorio. Esta actividade investigadora do grupo reflíctese nunha ampla produción científica e investigadora e na realización e lectura de diversas teses doutorais.

**NOVENO.-** O Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo, regula o uso de determinados biocombustibles e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, establece no seu artigo 7 que as Comunidades Autónomas adoptarán as medidas necesarias para controlar, mediante mostraxes, as especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, combustibles para uso marítimo e fuelóleos, e comunicarán, antes do 30 de abril de cada ano, os resultados obtidos á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para o caso de gasolinas, gasóleos, e fuelóleos. Para o caso do contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, os resultados deberán ser comunicados á Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Transportes e Movilidad Sostible.

**DÉCIMO.-** O ControlQ\_LABCOMB é o único centro da Comunidade Autónoma que conta coa acreditación ENAC contra a norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2017 como recoñecemento das competencias técnicas para a realización de ensaios de produtos petrolíferos (acreditación núm. 814/LE1688), gasóleos, gasolinas, mesturas de biodiésel e fuelóleos, e polo tanto cos recursos materiais, técnicos e humanos e a experiencia necesaria para facer fronte ás abrigas derivadas deste convenio.

**UNDÉCIMO.-** Coa entrada en vigor do Decreto 66/2013, do 18 de abril, créase a Rede de enerxía da Xunta de Galicia (en adiante Redexga) e regúlase a organización e competencias para a contratación da subministración enerxética dentro da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Decreto 66/2013, do 18 de abril, establece, entre outras, as seguintes características e funcións da Redexga:

- Está constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (art. 3.1).
- Xestionada pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (en adiante o Inega), é o instrumento destinado a impulsar dentro da Administración galega principios de aforro e diversificación enerxética (art. 3.2).
- Persegue como obxectivo xeral mellorar a eficiencia enerxética e impulsar actuacións de aforro dentro da Administración autonómica (art. 4.1)
- Unha das súas finalidades principais é a promoción, nos termos que establece este decreto, dos expedientes de contratación centralizada da subministración enerxética (art.4.2).

O Inega está adscrito á Consellería de Economía e Industria, segundo o art. 5 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Inega, a través da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, licitou o contrato para a Subministración de gasóleo C para calefacción e auga quente sanitaria (AQS) aos centros de consumo da Redexga (Exp: 2024\_003\_SXT), que se dividido en 3 lotes: lote 1, A

Coruña, con 142 centros, lote 2, Pontevedra, con 103 centros e lote 3, Ourense e Lugo, con 126 centros; o que fai un total de 371 centros adheridos ao contrato inicialmente.

Segundo a cláusula 5 do prego de prescricións técnicas do contrato, o gasóleo C que se subministrará deberá cumprir as especificacións técnicas establecidas no Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocombustibles e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, ou en calquera norma que o modifique ou substitúa e que poida entrar en vigor durante o prazo de execución do contrato e que imponha novas esixencias técnicas relacionadas con este produto.

Nesta mesma cláusula tamén se establece que os licitadores deberán presentar unha declaración responsable de que o gasóleo C que van subministrar, no caso de ser adjudicatarios do contrato, vai cumprir cos parámetros de calidade definidos na normativa vixente e que o produto obxecto da subministración poderá ser sometido ás inspeccións e aos controis de calidade que se consideren .

Por todo o exposto, as partes comparecentes xúlganse con capacidade suficiente, na representación que ostentan, para asinar este convenio de colaboración, levándoo a efecto con suxeición ás seguintes

#### **ESTIPULACIÓNS:**

##### **PRIMEIRA.- Obxecto do convenio**

Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a CEI e a UDC para o fomento da investigación no ámbito dos produtos petrolíferos e afíns (particularmente, combustibles e carburantes) e para a realización do control dos combustibles e carburantes á venda na Comunidade Autónoma, co fin de garantir a súa calidade, cumprindo, ao mesmo tempo, coas abrigas establecidas no Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, en materia de mostraxe, análise e comunicación dos resultados en relación co control das especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, fuelóleos, gases licuados do petróleo e combustibles para uso marítimo.

Dentro deste convenio de colaboración entre a CEI e a UDC incluíranse outros mecanismos de control que garantan que as cantidades subministradas aos centros da Redexga sexan correctas e se axusten ao indicado nos contadores dos que dispoñen os vehículos que os adjudicatarios do contrato de gasóleo C (Exp: 2024\_003\_SXT) empregan para facer as entregas nos ditos centros.

Estes controis levaranse a cabo de xeito aleatorio aos subministros de gasóleo C e realízanse segundo o establecido na Lei 32/2014, do 22 de decembro, de Metroloxía, no Real Decreto 244/2016, do 3 de xuño, que desenvolve a dita lei, e na Orde ICT/155/2020, do 7 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida.

##### **SEGUNDA.- Contribución da UDC:**

###### **A) Investigación e formación**

A UDC, a través do ControlQ\_LABCOMB, levará a cabo actividades de investigación sobre produtos petrolíferos e afíns nas distintas áreas de interese, así como actividades de formación de novo persoal investigador e de profesionais coa necesaria cualificación técnica en materia de análises de combustibles.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio a UDC, con cargo ás contribucións económicas realizadas segundo a desagregación detallada na memoria económica que se xunta como Anexo I, contratará o persoal necesario, de acordo coa previsión

que se contén no Anexo III e que incluírá, en todo caso, un investigador sénior e un técnico superior de laboratorio como persoal de apoio á investigación.

Sen prexuízo do anterior, nas actividades de investigación e nas actividades formativas participarán os membros do ControlQ\_LABCOMB así como investigadores asociados ou en formación.

Pala súa banda, recibirá formación ao abeiro deste convenio o persoal técnico e o persoal investigador contratado ou en formación que participe na realización das mostraxes e das análises así como, en función das solicitudes recibidas, estudantes de terceiro ciclo, máster, grao ou do ciclo superior e medio de laboratorio, a través da realización de prácticas.

Así mesmo, o ControlQ\_LABCOMB comprométese a impartir formación ao persoal técnico da CEI que esta designe, coa finalidade de garantir o axeitado tratamento e manexo dos datos e resultados das mostraxes e análises, unha vez comunicados á CEI.

As actividades de investigación e formación plasmaranse nunha "Memoria final das actividades de investigación e formación realizadas" que será entregada á CEI no último mes de cada ano de vixencia do convenio na que se reflectirán as diversas actividades levadas a cabo ao abeiro do convenio: artigos publicados ou en trámite de publicación, participación en Congresos, impartición de relatorios, publicación de libros, defensa de teses, prácticas formativas, etc. Así mesmo, o ControlQ\_LAMBCOMB remitirá á CEI en formato electrónico ou papel as evidencias da investigación realizada, relacionada directamente co exposto na dita memoria.

## **B) Mostraxes e análises**

A UDC realizará mostraxes de combustibles e carburantes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre os produtos obxecto de mostraxe estarán as gasolinas, os gasóleos, os combustibles para uso marítimo e os fuelóleos, de conformidade co esixido polo Real decreto 61/2006; así como os biocombustibles, en particular o diésel de orixe renovable.

A UDC realizará as análises de combustibles e carburantes no ControlQ\_LABCOMB, laboratorio habilitado para estes fins adscrito ao CITENI (Centro de Investigación en Tecnoloxías Navales e Industriais) en Ferrol. Tamén levará a coordinación técnica das análises achegando o equipo material e humano necesario. Este equipo humano estará composto polos membros do ControlQ\_LABCOMB do grupo de investigación G000293 da UDC que se indican no anexo II deste convenio, integrado por Persoal Docente e Investigador (PDI) e Persoal de Administración e Servizos (PAS) da propia UDC ademais de por Persoal Técnico e Investigador contratado.

A calidade dos hidrocarburos avaliarase pola UDC tendo en conta o establecido nas disposicións normativas en vigor que definan as especificacións de ditos produtos e segundo métodos de ensaio prescritos en normas de recoñecido prestixio (ASTM, API, UNE, EN, ...).

No caso dos biocombustibles, analizarase o HVO obtido a partir de aceites de cociña usados mediante a norma UNE-EN 15940:2024 Combustibles para automoción. Gasóleos parafínicos sintéticos ou obtidos por hidrotreatamento. Requisitos e métodos de ensaio, ou norma que a substitúa.

O equipamento analítico do laboratorio deberá posuír os certificados e calibracións necesarias que regulamentariamente se especifiquen.

A distribución das mostraxas deberá ser proporcional ao número de instalacións emprazadas en cada provincia, e uniforme no tempo.

Tendo en conta que as mostraxes non abranguen todo o universo de actuación, o equipo de traballo dará prioridade na distribución dos traballos de toma de mostraxas ás instalacións aínda non suxeitas á mostraxe, ata completar o universo de actuación, momento no cal poderá volver á distribución de mostraxe aleatoria. En cada estación de servizo ou punto de subministración as mostraxes realizadas abarcarán a totalidade dos tanques de combustible e carburante existentes en cada instalación.

Nas mostraxes que se realicen nas estacións de servizo anotarase como observación no informe se a manguera do surtidor na cal se fai a mostraxe ten a etiqueta de verificación metrolóxica de ter superado a inspección periódica ou tras reparación ou modificación, e se fora o caso a data ata a que esta vixente.

No caso das mostraxes dos centros de consumo de Redexga farase un mínimo de 3 mostraxes mensuais, que se distribuirán de forma espacial e temporal a criterio do Inega, previa comunicación no prazo de 24 horas ao ControlQ\_LABCOMB indicando o centro, a data e a hora no que se realizará a mostraxe que coincidirá co momento da entrega do gasóleo C.

Nestas mostraxes irase acompañado por un/unha funcionario/a do Inega ou, no seu defecto, por un/unha funcionario/a do departamento territorial da CEI da provincia onde se atope o centro de consumo, que terá a condición de axente da autoridade, aos efectos da toma das mostraxas para a inspección metrolóxica da cantidade e calidade do subministro realizado no dito centro.

Este/a funcionario/a poderá requirir a colaboración da UDC, e cada mostra tomada dividirase en tres partes alícuotas idénticas en volume e presentación (recipientes), procedendo posteriormente á súa identificación e precintándoas en presenza do representante do titular da empresa subministradora. Cada unha destas mostraxas alícuotas constituirá un lote independente:

- Lote 1: mostra oficial a analizar polo laboratorio ControlQ\_LABCOMB
- Lote 2: mostra contraditoria para entregar ao inspeccionado.
- Lote 3: mostra de referencia en poder do funcionario do Inega.

A mostra oficial quedará en poder do laboratorio ControlQ\_LABCOMB, a mostra contraditoria entregarase ao interesado que será responsable da correcta conservación, da garantía e inviolabilidade da cadea de custodia desde a súa recollida ata a entrega no laboratorio por el elixido, quedando a terceira mostra en poder do funcionario do Inega para, de ser o caso, ser empregada como referencia da mostraxe realizada.

De cada unha destas inspeccións levantarase a correspondente Acta na que quedará constancia de todas as actuacións realizadas e será asinada polo representante do laboratorio ControlQ\_LABCOMB, polo representante do titular da empresa subministradora e polo funcionario/a do Inega ou, no seu defecto, por un/unha funcionario/a do departamento territorial da CEI da provincia onde se atope o centro de consumo.

As análises a realizar establécense por período anual na contía recollida no cadro adxunto:

<b>GASOLINAS E GASÓLEOS E BIOCMBUSTIBLES</b>	<b>500-800</b>
- En estacións de servizo	400-600
- En distribuidores	70-164
<b>GASÓLEO C DOS CENTROS DE CONSUMO DA REDEXGA</b>	<b>30-36</b>
<b>COMBUSTIBLES E GASOLEOS PARA USO MARITIMO</b>	<b>30-60</b>
<b>FUELÓLEOS</b>	<b>10-20</b>
<b>GASES LICUADOS DE PETRÓLEO (En centros de envasado)</b>	<b>10-20</b>
<b>PROBAS DE CONTAMINACIÓN MICROBIOLÓXICA</b>	<b>50-100</b>
<b>Ratio total</b>	<b>600-1000</b>

Se por unha imposibilidade sobrevinda non se puidese acadar o número mínimo de probas nunha categoría determinada procederase de mutuo acordo a incrementar o mínimo doutra categoría no número que delas restara.

A UDC remitirá á CEI informes mensuais das mostraxes realizadas, así como dos resultados das análises realizadas no ControlQ\_LABCOMB. Os informes serán entregados antes do 15 do mes seguinte, salvo o de decembro que será entregado antes de finalizado este. O formato dos ditas informes será acordado previamente polas partes asinantes deste convenio.

Así mesmo, a UDC remitirá unha "Memoria anual das actividades de mostraxe e análise realizadas" que será entregada á CEI no último mes de vixencia do convenio na que se resumirán as diversas actividades levadas a cabo ao abeiro do convenio no tocante a mostraxes e análises.

Por outra parte, antes do 15 de abril de cada ano, a UDC remitirá propostas dos informes a enviar cos resultados das mostraxes realizadas segundo os anexos do Real decreto 61/2006, na actualidade destinados á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e á Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Transportes e Movilidad Sostible, ou os que correspondan unha vez actualizados os destinatarios de acordo co estrutura orgánica da Administración Xeral do Estado vixente en cada momento. Así mesmo, no caso dos biocombustibles, HVO, o non estar as súas especificacións dentro do Real decreto 61/2006, recolleranse nos informes de resultados para a remisión a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, os resultados dos parámetros recollidos na norma UNE-EN 15940:2024, ou norma que a substitúa.

### C) Valoración económica

Na memoria económica que se achega a este convenio como Anexo I realízase unha valoración económica do orzamento anual de gastos asumidos pola UDC.

### TERCEIRA.- Contribución da CEI:

#### A) Investigación e formación

A CEI mediante a sinatura deste convenio autoriza ao persoal investigador e técnico do ControlQ\_LABCOMB, así como ao persoal en formación seleccionado polo ControlQ\_LABCOMB, á realización de actividades de investigación e de formación que tomen como base ou impliquen a participación no desenvolvemento das mostraxes e/ou análises de carburantes e combustibles levadas a cabo ao abeiro deste convenio. Non obstante, o ControlQ\_LABCOMB deberá solicitar á CEI autorización específica para a publicación de resultados ou datos obtidos das mostraxes e das análises realizadas.

Así mesmo, para a finalidade investigadora, a CEI autoriza o acceso do persoal investigador e técnico do ControlQ\_LABCOMB, así como do persoal en formación seleccionado polo LABCOMB aos datos contidos no Rexistro de Instalacións de distribución polo miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos creado pala Orde do 24 de maio 2006, que se porán á súa disposición en formato electrónico por parte da CEI a requirimento do ControlQ\_LABCOMB. Non obstante, o ControlQ\_LABCOMB deberá solicitará CEI autorización específica para a publicación dos datos aos que teña acceso.

A CEI contribuirá á difusión da actividade investigadora realizada polo ControlQ\_LABCOMB ao abeiro do Convenio, en particular, daquelas publicacións que revistan especial interese en relación co estudo e garantía da calidade dos hidrocarburos, que poderán ser referenciadas ou estar dispoñibles na páxina web da CEI.

#### **B) Coordinación das actividades de mostraxe e análise e achega de información**

A CEI, a través do persoal da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ou do persoal do Inega no caso das subministracións de gasóleo C aos centros da Redexga, coordinará e tutelará as actuacións obxecto deste convenio, con excepción da actividade investigadora e científica.

Así mesmo a CEI e o Inega establecerán pautas de actuación ao ControlQ\_LABCOMB en materia de mostraxe, para conseguir que estas sexan proporcionais aos universos provinciais de actuación. A CEI remitirá de xeito periódico á ControlQ\_LABCOMB os listados relativos ao universo de estacións de servizo e distribuidores susceptibles de mostraxe, así como toda a información da que dispoña dentro do marco deste convenio.

Do mesmo xeito, o Inega tamén remitirá mensualmente os listados dos centros de consumo de gasóleo C da Redexga onde se prevexa realizar as mostraxes deste combustible, así como toda a información da que dispoña dentro do marco deste convenio.

#### **C) Achega económica**

A CEI contribuirá ao financiamento das actuacións obxecto deste convenio cun total de 384.912 €, para toda a vixencia do convenio, de acordo coa seguinte desagregación anual:

<b>ANO</b>	<b>PORCENTAXE</b>	<b>ORZAMENTO</b>
<b>2025</b>	<b>49,38%</b>	<b>190.080,00 €</b>
<b>2026</b>	<b>50,62%</b>	<b>194.832,00 €</b>

A cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.732A.640.7, nos que se dotará crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega.

Tendo en conta que a UDC en xeral e o ControlQ\_LABCOMB en particular carecen de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución dineraria responde a unha compensación polos gastos que terá que soportar a UDC no desenvolvemento do obxecto do convenio, no xeito que se especifica na memoria económica que se xunta como anexo I a este convenio.

A Consellería de Economía e Industria, achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de cento once mil cincocentos euros (190.080,00€) para o ano 2025. Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025, nos que existe crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 09.03.732A.640.7

#### **CUARTA.- Condicións de pagamento**

A CEI, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, librará trimestralmente á UDC as contías proporcionais ao período de vixencia do convenio, só despois da recepción e conformidade de dita dirección xeral cos informes que corresponda entregar nese trimestre.

De cara a liquidar esas contías trimestrais a UDC remitirá á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, as correspondentes facturas ou documentos análogos, que deberán xustificarse e abonarse antes do 31 de decembro de cada anualidade.

#### **QUINTA.-Vixencia e prórroga**

O presente convenio estará en vigor o día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata ata o 31 de decembro de 2026.

Non se contempla a prórroga do presente convenio.

#### **SEXTA.- Comisión de seguimento**

Como mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, en especial para facer efectiva a colaboración regulada neste convenio, facilitar a súa execución e desenvolvemento, así como realizar o seguimento da súa execución e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria, formada por dous/dúas representantes de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

O/A presidente/a da Comisión, que será un dos representantes da CEI, terá voto dirimente.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **SÉTIMA.- Resolución do convenio**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

De conformidade co artigo 51.2. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo, a cal non se contempla no presente convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao presidente da Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Así mesmo, considerase causa de resolución a introdución de modificacións sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de seguimento.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación destas.

#### **OITAVA.- Modificación**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **NOVENA.- Publicidade do convenio**

A UDC da o seu consentimento á CEI para incluír e facer públicos, nos rexistros públicos creados polo artigo 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes deste convenio.

A UDC tamén está informada de que o convenio, unha vez asinado, debe inscribirse no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a CEI publicará no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da CEI.

O UDC deberá subministrar toda a información necesaria para que a CEI poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

#### **DECIMA.- Propiedade intelectual**

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade conxunta da UDC e a CEI. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será da UDC e da CEI por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

#### **UNDÉCIMA.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a CEI, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

#### **DOUDÉCIMA.- Autorizacións**

A UDC consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do

contido dos rexistros antes citados ante a Consellería de Economía e Industria, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á CEI para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e réxime xurídico**

O presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, ten natureza administrativa quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

#### **DÉCIMA CUARTA. Interpretación**

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento sinalada anteriormente, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación e/ou dúbidas que xurdan sobre execución deste convenio. Sen prexuízo da posibilidade de interpor , en caso de conflito, o correspondente recurso ante a xurisdición contencioso administrativa.

Tendo lido o presente documento, e en proba de conformidade, asíñase polas partes, en triplicado exemplar, en

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital.

**A conselleira de Economía e Industria e  
presidenta do Inega**

**O reitor da UDC**



ANEXO I

BREVE MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO	2025		
	TOTAL	UDC	CEI
<b>ORZAMENTO DE INGRESOS E DE GASTOS</b>			
<b><u>GASTOS:</u></b>			
<b><u>PERSOAL:</u></b>			
PERSOAL DA UDC	90.100,00 €	80.100,00 €	10.000,00 €
CONTRATOS LABORAIS	120.000,00 €	30.000,00 €	90.000,00 €
<b>TOTAL GASTOS PERSOAL</b>	<b>210.100,00 €</b>	<b>110.100,00 €</b>	<b>100.000,00 €</b>
<b><u>GASTOS CORRENTES:</u></b>			
MATERIAL FUNXIBLE	35.800,00 €	9.300,00 €	26.500,00 €
DIETAS, VIAXES E PAGO A MEDIOS PROPIOS	18.000,00 €	0,00 €	18.000,00 €
RENTING o GASTOS VEHÍCULOS	8.000,00 €	0,00 €	8.000,00 €
AXUDA MANTEMENTE ACREDITACIÓN	6.750,00 €	3.750,00 €	3.000,00 €
MANTEMENTO EQUIPOS	8.500,00 €	5.500,00 €	3.000,00 €
PEZAS E REPARACIÓNS	7.600,00 €	6.600,00 €	1.000,00 €
LOCAL - INFRAESTRUCTURAS	30.292,00 €	30.292,00 €	
<b>TOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>114.942,00 €</b>	<b>55.442,00 €</b>	<b>59.500,00 €</b>
<b><u>GASTOS INVESTIMENTO:</u></b>			
MATERIAL EQUIPAMENTO DOCENTE-INVESTIGADOR	4.212,39 €	1.500,00 €	2.712,39 €
MATERIAL EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	6.400,00 €	400,00 €	6.000,00 €
FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	1.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €
OUTRO MATERIAL INVENTARIABLE	5.500,00 €	5.500,00 €	0,00 €
	0,00 €		
<b>TOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	<b>17.112,39 €</b>	<b>8.400,00 €</b>	<b>8.712,39 €</b>
<b>TOTAL DE GASTOS</b>	<b>342.154,39 €</b>	<b>173.942,00 €</b>	<b>168.212,39 €</b>
<b>CUSTOS INDIRECTOS</b>	<b>44.480,07 €</b>	<b>22.612,46 €</b>	<b>21.867,61 €</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>386.634,46 €</b>	<b>196.554,46 €</b>	<b>190.080,00 €</b>

**BREVE MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO**

2026
------

**ORZAMENTO DE INGRESOS E DE GASTOS**
**TOTAL**
**UDC**
**CEI**
**GASTOS:**
**PERSONAL:**
**PERSONAL DA UDC**

90.100,00 €	80.100,00 €	10.000,00 €
-------------	-------------	-------------

**CONTRATOS LABORAIS**

120.000,00 €	30.000,00 €	90.000,00 €
--------------	-------------	-------------

**TOTAL  
GASTOS  
PERSONAL**

210.100,00 €	110.100,00 €	100.000,00 €
--------------	--------------	--------------

**GASTOS CORRENTES:**
**MATERIAL FUNXIBLE**

37.800,00 €	9.300,00 €	28.500,00 €
-------------	------------	-------------

**DIETAS, VIAXES E PAGO A MEDIOS PROPIOS**

18.000,00 €	0,00 €	18.000,00 €
-------------	--------	-------------

**RENTING o GASTOS VEHÍCULOS**

8.000,00 €	0,00 €	8.000,00 €
------------	--------	------------

**AXUDA MANTEMENTE ACREDITACIÓN**

6.750,00 €	3.750,00 €	3.000,00 €
------------	------------	------------

**MANTEMENTO EQUIPOS**

9.500,00 €	5.500,00 €	4.000,00 €
------------	------------	------------

**PEZAS E REPARACIÓNS**

7.600,00 €	6.600,00 €	1.000,00 €
------------	------------	------------

**LOCAL - INFRAESTRUCTURAS**

30.292,00 €	30.292,00 €	
-------------	-------------	--

**TOTAL  
GASTOS  
CORRENTES**

117.942,00 €	55.442,00 €	62.500,00 €
--------------	-------------	-------------

**GASTOS INVESTIMENTO:**
**MATERIAL EQUIPAMENTO DOCENTE-INVESTIGADOR**

5.417,70 €	1.500,00 €	3.917,70 €
------------	------------	------------

**MATERIAL EQUIPAMENTO INFORMÁTICO**

6.400,00 €	400,00 €	6.000,00 €
------------	----------	------------

**FONDOS BIBLIOGRÁFICOS**

1.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €
------------	------------	--------

**OUTRO MATERIAL INVENTARIABLE**

5.500,00 €	5.500,00 €	0,00 €
------------	------------	--------

**TOTAL  
GASTOS  
INVESTIMENT  
O**

18.317,70 €	8.400,00 €	9.917,70 €
-------------	------------	------------

**TOTAL DE  
GASTOS  
CUSTOS  
INDIRECTOS**

346.359,70 €	173.942,00 €	172.417,70 €
--------------	--------------	--------------

45.026,76 €	22.612,46 €	22.414,30 €
-------------	-------------	-------------

**TOTAL  
ORZAMENTO  
DE GASTOS**

391.386,46 €	196.554,46 €	194.832,00 €
--------------	--------------	--------------

**ANEXO II**  
**Persoal, ControlQ\_LABCOMB da Universidade da Coruña**

<b>CARGO DENTRO DO GRUPO</b>	<b>FUNCIONES</b>
<b>Coordinadora/ Directora Técnica</b>	<b>IP Investigador senior</b>
<b>Responsable de calidad, xestión e administración</b>	<b>IP Investigador senior</b>
<b>Directora de Investigación</b>	<b>Investigador Senior</b>
<b>Responsable de comunicación, RRSS y marketing</b>	<b>Investigador/Técnico superior</b>
<b>Técnico superior de laboratorio</b>	<b>Persoal de apoio</b>
<b>Técnico superior de laboratorio</b>	<b>Persoal de apoio</b>
<b>Persoal investigador</b>	<b>Investigador senior</b>
<b>Persoal investigador</b>	<b>Investigador senior</b>
<b>Persoal investigador</b>	<b>Investigador senior</b>
<b>Persoal Investigador</b>	<b>Investigador en formación</b>



**ANEXO III**  
**Previsión do Persoal necesario para o desenvolvemento do convenio.**

<b>FUNCIÓNS</b>	<b>CONTRATADOS AO ABEIRO DO CONVENIO</b>	<b>OUTRO PERSOAL</b>
<b>Investigador senior</b>	<b>1</b>	<b>2-5</b>
<b>Investigador/Técnico superior</b>	<b>0-2</b>	<b>1-2</b>
<b>Investigador en formación</b>	<b>0-2</b>	<b>1-2</b>
<b>Persoal de apoio a investigación</b>	<b>1-2</b>	<b>0-1</b>